

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 19/09/2025

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D. Jorge Cubela López

D^a Belén Cachafeiro Anta, en substitución de

D^a. Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Roberto José Álvarez Carrero, en substitución por
vacante de, D^a. María Nava Castro Domínguez

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D^a. Beatriz Lomba Rodríguez

D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día dezanove de setembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión extraordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a Xefa do servizo de Medio Ambiente D^a. Concepción López Paz.



Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025059866)

Apróbase a acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria celebrada o cinco de setembro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DO REMATE DA VENDIMA NA FINCA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR. (expte.: 2025051861)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DO REMATE DA VENDIMA NA FINCA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR. (expte.: 2025051861).

<i>Nº expediente</i>	<i>2025051861</i>
<i>Asunto</i>	<i>Dar conta do remate da vendima na finca do Castelo de Soutomaior</i>
<i>Trámite I</i>	<i>Trámite Informe para Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente</i>

A explotación vitícola da finca do Castelo de Soutomaior, cunha superficie de 4 hectáreas, data do ano 1984 e distribúese, unha parte sobre terreos tipo castel e en terrazas, e outra sobre terreos húmicos, fértiles e con cuberta vexetal suficiente.

O xoves 4 de setembro comezaron os traballos de vendima, rematando os mesmos o martes 9 de setembro.

A cantidade total de uva recollida foi de 14.301 kilos totales, 12.499 kilos de uva albariña e 1802 de variedade godello.

A uva adxudicouse por contrato de alleamento mediante poxa pública á empresa QUINTA DAS EIRAS,S.L. por un importe de 1,22€/kg (IVE engadido) e 1,00€/kg (IVE



engadido) o resto de variedades. Neste importe inclúense os custos derivados dos traballos da vendima e de transporte a adega.

Documento asinado electrónicamente"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3.- DAR CONTA DO PROGRAMA DE DOAZÓN DE ALIMENTOS DE HORTA CULTIVADOS NA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, AO BANCO DE ALIMENTOS. (expte.: 2025052449)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

"DAR CONTA DO PROGRAMA DE DOAZÓN DE ALIMENTOS DE HORTA CULTIVADOS NA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, AO BANCO DE ALIMENTOS. (expte.: 2025052449)

No Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, vense cultivando dende hai anos plantas hortícolas para a realización de diferentes ensaios. Tamén hai plantacións de froiteiras, tanto tradicionais como foráneas, que foron plantadas fai anos para estudar a súa produción e/ou adaptación as nosas condicións climáticas e de solo. Entre estas froiteiras atopamos o kiwi, kiwiño, feixoa, arazán vermello, maceiras, limoeiros, etc.

Os produtos obtidos dos proxectos de investigación realizados en estas plantacións, alimentos hortícolas e froitas, que non son necesarios para outros ensaios, dóanse a diferentes asociacións e entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra, especialmente ao Banco de Alimentos, que se encarga de distribuílos as persoas e outras asociacións que os necesiten.

Ata o momento, dende o mes de maio lévanse entregadas 3714 leituas e 48 kg de limóns ao Banco de Alimentos. Está previsto continuar coas entregas ao longo do mes de setembro.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"



A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

(documento asinado electrónicamente)

Concepción López Paz

